

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 28 DE DECEMBRO DE 2007

LICENZAS.-

FAVORABLES.-

1837/06.- Inmobiliaria Pepe Noya e Hijos, S.L.- Construcción de dous edificios (29 viv., 5 apartamentos, 8 oficinas, local comercial e garaxes nas parcelas 1º e 2, bloque oeste e lesta, resectivamente da UX-15 de Santas Mariñas.-

OCIHR

LICENZAS.-

FAVORABLES.-

LIC/345/2007 e LAP/145/2007.- CAIXA GALICIA.- Construcción de centro de estudos, aulas de formación e licenza de apertura de dita actividade na Rúa Nova nº 33 e Rúa Orfas nº 4.-

2 a 6.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa ao rexeitamento de recurso de reposición interposto contra acordo da Xunta de Goberno Local referente a bonificación no imposto sobre o Aumento de Valor dos Terreos de natureza urbana e no imposto sobre bens inmobles.

Rexéitanse os recursos.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a concesión de exención no Imposto sobre o Aumento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Concédesese a devandita exención.

7.- Xustificación de gastos de diversos convenios e subvencións.

Xustifícanse varios convenios.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á resolución do Programa de axudas para a creación de novas empresas "Compostela Activa 2007".

Resólvese o programa de axudas que ten como resultado a creación de 23 novas empresas. O custo total das axudas ascende a 39.874 euros.

9.- Xustificación do convenio coa Deputación da Coruña para o financiamento do produto enogastronómico.

Xustifícase o convenio, en virtude do cal a Deputación aporta 50.000 euros, do total de 100.024 que custa o programa de promoción do produto enogastronómico.

10.- Xustificación do convenio asinado coa Fundación Caixa Galicia para a realización do Festival Curtocircuíto 2007.

Apróbase e xustifícase á Fundación Caixa Galicia a execución de gastos do Festival Curtocircuíto 2007 por 30.000 euros. Así mesmo, abóaselle o importe a Incolsa, que correu cos gastos.

11.- Xustificación do convenio asinado coa Deputación para a realización do Festival Curtocircuíto 2007.

Apróbanse os gastos xustificativos da execución da IV Edición do Festival de Curtametraxes "Curtocircuíto", por importe de 241.373 euros, dos que a Deputación achega 140.000 euros.

12.- Xustificación do convenio asinado coa Deputación para o desenvolvemento do plano de competitividade, 2007.

Xustifícase o convenio polo que a Deputación aporta 200.000 euros para o desenvolvemento dunhas actuacións en materia de turismo que contan cun orzamento total de 600.000 euros.

13.- Xustificación do convenio asinado coa Xunta para o desenvolvemento do plano de competitividade, 2007.

Xustifícase o convenio polo que a Xunta aporta 162.000 euros para o desenvolvemento dunhas actuacións en materia de turismo que contan cun orzamento total de 600.000 euros.

14.- Nomeamento de oficial da Policía Municipal.

Noméase funcionario de carreira do Concello de Santiago, con efectos do día 22 de decembro, a José Francisco García Rodríguez, na categoría de oficial da Policía Local.

16.- Proposta de adxudicación do contrato de alugueiro de carrozas para a cabalgata de Reis 2008.

Adxudícase o contrato a Carrozas Esteban SL, por 28.150 euros.

17.- Aboamento por prestación de servizos extraordinarios.

Procédese ao pago do aboamento de servizos extraordinarios a un traballador do concello.

18.- Aprobación de liquidacións de actividades.

Apróbanse varias liquidacións.

19.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á contratación de persoal para a oficina de Rehabilitación.

Acórdase contratar, na modalidade de funcionarios interinos, do seguinte persoal para levar a cabo o programa de axudas comprometido co Ministerio e a Consellería de Vivenda para as áreas de rehabilitación declaradas: un economista, un arquitecto superior e dous auxiliares administrativos.

20.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Cruz Vermella para a prestación do servizo de teleasistencia municipal.

Dáse conta do convenio, polo que se aportan 12.020 euros para o ano 2007 e 6.010 para o primeiro semestre de 2008.